

A CULTURA
É UN DEREITO

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

A CULTURA

VIII XORNADA

A IGUALDADE CULTURAL (TAMÉN) É UN DEREITO:

FEMINISMOS E CREACIÓN
CONTEMPORÁNEA
NA GALIZA

E UN DEREITO

24 e 25 de setembro de 2021

Facultade de Ciencias da Comunicación da USC,
Santiago de Compostela

Comisaria das xornadas:
Clara Rodríguez Cordeiro

www.aculturaeundereito.gal



Deputación
DA CORUÑA

A pesar de que as mulleres sumamos o 51,73% da poboación galega, acceder a unha programación cultural diversa e paritaria, na que poder coñecernos e recoñecernos, continúa a resultar, cando menos, complexo. Desde este contexto, as presentes xornadas queren primeiramente defender a urxencia de apostar pola igualdade cultural como dereito, subliñando o inaceptable de continuar a amosar e apoiar unha programación cultural maioritariamente masculina e masculinizada.

A ausencia de mulleres artistas xa non pode, nin debe, ser unha excusa. Tanto na literatura, como nas artes visuais, o deseño ou a música, destaca a gran variedade e calidade das creadoras galegas e, por iso, a nosa proposta formula unha programación totalmente conformada por mulleres, desde unha mirada feminista, integral e multidisciplinar da realidade contemporánea.

Ao redor de dous bloques temáticos e, en dous días consecutivos, abordaremos as dificultades e eivas do noso sector pero tamén as posibilidades individuais e colectivas de resistencia.

Debatiremos tamén arredor de temas centrais da axenda feminista, como as maternidades ou os coidados, totalmente alleos aínda ao ámbito profesional, e achegarémonos a diversas propostas creativas da nosa contemporaneidade.

**LIBRE
DIREITO
FEMINISTA
INTEGRAL
E
MULTIDISCIPLINAR**

VENRES 24 PROGRAMA

Bloque 1

A creación será feminista ou non será.

16.00 a 16.30 h

Apertura da xornada.

Benvida e presentación a cargo de Xurxo Couto, Deputado de Cultura da Deputación da Coruña, e de Clara Rodríguez Cordeiro, comisaria da xornada.

16.30 a 17.30 h

Poñer a lingua no centro: creación e feminismos fronte ás hexemonías, coloquio entre Eli Ríos e Eva Mejuto.

17.30 a 18.30 h

A cultura como campo de batalla: da violencia patriarcal á resistencia creativa.

Panel de experiencias multidisciplinares con:

- Alexandra Vázquez Rei, Corentena Producións, asociación audiovisual.
- Diana Sieira, actriz.
- Uqui Permui, deseñadora.

18.30 a 19.00 h

Pedrada, performance de danza e música a cargo de Marcia Vázquez e Pau Herrero.

19.00 a 19.20 h

Pausa

19.20 a 21.00 h

O colectivo como lugar: visibilidade, denuncia e redes de apoio.

Mesa de debate con:

- Modera Sonia Vizoso, xornalista.
- Ana G. Liste, Xornalistas Galegas.
- Chelo Loureiro, CIMA Galicia.
- Eli Ríos, A Segá.
- Marcia Vázquez, 85C.
- Pau Herrero, 85C.

SÁBADO 25 PROGRAMA

Bloque 2

O persoal... é política cultural.

10.00 a 10.30 h

A Aldea das Mulleres, intervención escénica a cargo da actriz Carmen Conde

10.30 a 12.00 h

Maternidades creativas: enfoques e relacións entre o laboral, a precariedade e os coidados.

Mesa de debate con:

Modera María Lado, poeta.

Anxela Caramés, crítica de arte.

Su Garrido Pombo, música.

Raquel Oitavén, artista de circo.

Diana Rodeiro "Nana", artista urbana.

Iria Pinheiro, actriz.

12.00 a 12.15 h

Pausa

12.15 a 13.45 h

Vencendo o síndrome da impostora: feminismos e relatos da creación actual.

Panel de experiencias multidisciplinares con:

Antía Yañez, escritora.

Rebeca Lar, artista plástica.

Bea Lema, ilustradora.

Pauliña, música.

13.45 a 14.00 h

A igualdade cultural (tamén) é un dereito. Presentación da intervención da artista plástica María Meijide e peche.

Actividades paralelas

A artista María Meijide desenvolverá durante os dous días unha acción pictórica acompañando o proceso discursivo da xornada e articulando, a modo de work-in-progress, unha intervención que se poderá visitar in situ e compartir posteriormente en redes sociais. Tamén de xeito continuado, a cooperativa Gaia Ecocrianza habilitará un espazo para facilitar a conciliación das asistentes e a fotógrafa feminista Charo Lopes recollerá coa súa cámara todo o encontro.

A asistencia é gratuita e o aforo limitado.

A inscrición á xornada debe realizarse a través do formulario habilitado para tal fin no enlace seguinte:

www.aculturaeundereito.gal
